



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2023 / 7006 .- Aprobación das bases do XVIII Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica

XVIII Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica

Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación "Centro Internacional da Estampa Contemporánea" de Betanzos e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador, a Deputación da Coruña convoca o XVIII Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras non premiadas en ningún outro concurso ou certame.

Cada artista poderá presentar un máximo dunha obra, en calquera das disciplinas das técnicas gráficas: gravado calcográfico, litografía, serigrafía, xilografía e as súas derivacións.

As medidas do papel non excederán de 76 x 112 cm e o tamaño da mancha impresa será, como mínimo, de 28 x 28 cm. O grosor das obras non poderá superar 1 cm

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificarase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Segunda.-

Establécense os seguintes premios:

* Primeiro premio dotado con **6.500 €** e unha exposición na Fundación CIEC.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan de aplicación.

* Dous accésits consistentes cada un deles nunha bolsa de matrícula dun módulo do Máster de Obra Gráfica impartido pola Fundación CIEC.

O premio poderá quedar deserto e ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

O premio non poderá concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a/s persoa/s autora/s falecesen despois do fallo do xurado.

Os traballos premiados quedarán en propiedade da Deputación da Coruña; así mesmo, as autoras ou autores das obras entregarán outro exemplar, igual aos premiados, á Fundación CIEC, con destino aos fondos da súa colección.

A Deputación poderá publicar os traballos premiados e, previo acordo coas súas autoras ou autores, poderá publicar, tamén, aqueles traballos que non fosen premiados e que o xurado considere de calidade.

As persoas cuxas obras sexan incluídas na publicación recibirán cinco exemplares do catálogo.

Terceira.-

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

As solicitudes presentaranse, no modelo que figura como anexo, por algún dos seguintes medios:

- Electronicamente a través do modelo “solicitud xeral” dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña (<https://sede.dacoruna.gal>).

Para a presentación da solicitude, a sede electrónica da Deputación da Coruña admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

- De forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Mediante envío por correo postal ao enderezo Deputación Provincial da Coruña, Avda Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña

As obras enviaranse á Fundación CIEC, rúa do Castro 2, 15300 Betanzos, A Coruña, no paquete indicarse: "XVIII Premio internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica – “no commercial value”.

As obras presentaranse asinadas, sen enmarcar e ao dorso deberá figurar o nome e apelidos do/a autor/a, e o ano da súa realización e a copia da solicitude remitida á Deputación Provincial da Coruña.

Non se admitirán obras que non teñan presentada a solicitude correspondente por calquera dos medios indicados anteriormente.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar coa solicitude é a seguinte:

* Currículo do/a autor/a que non exceda dun tamaño DIN A4, por unha cara.

* Ficha técnica da obra: título, técnica, data, tipo de papel, medida do papel (altura x base), medida da mancha (altura x base), número de matrices, número de tintas, tirada e taller de estampaxe.

* Fotografía da obra en tamaño DNI A4.

* Declaración responsable manifestando ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e da súa cesión á Deputación Provincial, non en exclusividade, e con carácter temporal para os efectos seguintes:

- Exposición ou exhibición no lugar que estime oportuno dentro da itinerancia programada das obras seleccionadas no XVIII Premio internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica.

- Reprodución total ou parcial da obra e a súa inclusión no catálogo das obras seleccionadas polo xurado

* Declaración expresa de que a obra non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.

* Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XVIII Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del: don Jesús Núñez ou persoa en quen delegue, e catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte gráfica, nomeadas por aquela.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución será aplicado o disposto no Art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserto o premio, e a proposta que formule será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación.

O xurado poderá seleccionar un máximo de 30 obras que considere de calidade para seren incluídas nunha publicación, conforme o establecido na base segunda.

O fallo do xurado será inapelable. Terá lugar no segundo semestre de 2023, e será dado a coñecer na páxina web da Deputación; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

O xurado poderá realizar unha selección (que será de 30 obras como máximo) entre as obras non premiadas, para a súa inclusión nunha exposición, que será inaugurada na Fundación CIEC e que, posteriormente, itinerará por municipios da provincia.

Sétima.-

As obras non seleccionadas, enviadas desde territorio nacional, devolveranse ás súas autoras ou seus autores, por mensaxería a portes debidos.

Os envíos procedentes do estranxeiro se devolverán a portes debidos, previa consulta e/ou información por parte da Fundación CIEC. No caso de que a persoa autora non responda ou non se poña en contacto coa Fundación CIEC para a devolución da súa obra, entenderase que renuncia á súa propiedade, debendo achegar, neste caso, un escrito asinado, por medio do que fará renuncia expresa á propiedade da obra e á súa cesión á Deputación.

As obras que resulten seleccionadas para a exposición serán devoltas, nas condicións establecidas nos parágrafos anteriores, ao finalizar a súa itinerancia.

Oitava.-

A Deputación correrá cos gastos de seguros das obras ao longo do tempo en que permanezan no seu poder, e sempre que se respecten os prazos sinalados para a súa retirada.

A Deputación da Coruña e a Fundación CIEC non se fan responsables da deterioración, extravío, roubo, etc. que poidan sufrir no transporte as obras enviadas ao premio.

Novena.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Décima.-

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

XVIII Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos	Doc. identidade	
Lugar e data de nacemento		
Enderezo		
Concello	CP	Pais
Teléfono	Correo electrónico	

FICHA DA OBRA

Título da obra	Data
Técnica	Tipo de papel
Medida do papel	Medida da mancha
Número de matrices	Número de tintas
Tirada	Taller de estampaxe

Declaro que son o/a autor/a da obra e titular de todos os dereitos e que a obra non foi premiada, ata a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio.

Cedo non en exclusividade, e con carácter temporal, á Deputación Provincial da Coruña, os seguintes dereitos:

Dereito a súa exposición ou exhibición no lugar que estime oportuno dentro da itinerancia programada das obras seleccionadas do XVIII Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica.

Dereito á reprodución total ou parcial da obra en calquera soporte ou medio, e a súa distribución, dentro do material gráfico e promocional que se faga con motivo da exposición do certame polos concellos da provincia.

Consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XVIII Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Sinatura

A Coruña, 22 de febreiro de 2023
O presidente
Valentín González Formoso

A secretaria
Amparo C. Taboada Gil

2023/1267